

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO
23 DE NOVEMBRO DE 2015**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e tres de novembro de dous mil quince, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria debidamente convocada para as catorce horas de dito día, dando comezo ás catorce horas e tres minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. M^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo.

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: Dna. M^a Pilar López Martínez, Dna. M^a Alicia I. Cadarso Palau, Dna. M^a José Vega Buján, D. Emilio José Sánchez Iglesias, D. Víctor López Mateo.

Grupo Municipal do Partido Popular: D. Emilio Ivan Vázquez Rodríguez, Dna. M^a Purificación Argiz Quintas, D. Francisco José Cela Rodríguez, D. Manuel Jesús López Sánchez.

Grupo municipal de Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Secretario: D. José M^a Baños Campo, que dá fe do acto.

Non asiste, por causa xustificada, Dna. M^a Julia Rodríguez Barreira (PP).

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar o único punto que figura na orde do día.

DESIGNACIÓN MEDIANTE SORTEO DOS COMPOÑENTES (TITULARES E SUPLENTES) DAS MESAS DAS ELECCIÓNS XERAIS DE 2015.

En cumprimento do art.26 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, no prazo para o efecto, procédese a realizar o sorteo público requirido para a designación de Presidentes, 1^o Vogal e 2^o Vogal das mesas electorais das eleccións xerais convocadas para o 20 de decembro de 2015, tanto os titulares como os suplentes 1^o e 2^o de cada un deles. Tamén se obtén unha lista de reserva, que non é obxecto de aprobación formal neste acto, para os únicos efectos de suplir baixas xustificadas, aceptadas pola Xunta Electoral de Zona, que operará coa autorización da propia Xunta Electoral de Zona.

De conformidade co resultado do sorteo, o Pleno, por unanimidade dos presentes, ACORDA designar aos seguintes membros das Mesas Electorais para as eleccións xerais de 2015:

A CONTINUACIÓN FIGURAN APELIDOS E NOME E CARGO NAS MESAS, TANTO TITULARES COMO SUPLENTES, DE TODAS AS DO MUNICIPIO.

(Unha copia das actas do sorteo de cada mesa entregáselle aos Grupos. Previamente ao sorteo, fíxose unha explicación xurídica por parte do Secretario e outra técnica por parte do funcionario informático asistente. D.Emilio Iván Vázquez Rodríguez preguntou pola non utilización do programa do INE, o que xa fora abordado ao final do anterior mandato, co gallo do sorteo para as eleccións municipais).

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as catorce horas e vinte minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

V. e pr.
O Alcalde,

